

Comunidade dos países de lingua oficial portuguesa (CPLP): comunidade “lusófona” ou ficticia?

Odair Bartolomeu Varela e Suzano Ferreira Costa

1. CPLP: Discurso lexitimador e argumentario político

O presente capítulo visa, con recurso ao universo teórico e ao referencial metodolóxico da ciencia política e das relacións internacionais, analizar a evolución histórica da CPLP, as rupturas, mudanzas e (des) continuidades verificadas na acción externa e diplomática da organización na súa relación coa organización política do mundo, o seu argumentario político de referencia, o discurso lexitimador⁽¹⁾ (Maltez, 1996: 153; Sarmento, 2008: 251; Costa, 2009: 9) e a retórica discursiva que preside a constitución dunha comunidade política ‘lusófona’ asentada en solidariedades horizontais (Moreira, 2001: 15).

Percibida polas elites políticas como unha oportunidade histórica sen precedentes (Cabral, 1994: 2; *Declaração Constitutiva da CPLP*, 1996: 11), a *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa*⁽²⁾ emerxe analiticamente como unha fonte explicativa da crecente complexidade do fenómeno político no espazo lusófono, e modelo institucional capaz de potenciar e descentralizar o diálogo intercontinental (Gama, 1996: 7) entre os países que teñen a lingua portuguesa como vehículo privilexiado de comuni-

(1) O discurso lexitimador é o ideario político subxacente á orientación estratéxica do discurso: a fórmula política dominante que lexitima a praxe política e a acción dos actores sociais. No universo político portugués a cuestión da lexitimidade é desenvolvida de forma máis profunda e incisiva polo maxisterio do profesor Adelino Maltez, para quen, “a lexitimidade está para a política, como a xustiza está para o dereito” (Maltez, 1996: 153).

(2) A *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa* (CPLP) foi formalmente constituída, en Lisboa, o 17 de Xullo de 1996, por decisión da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno dos países de expresión portuguesa – Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique, Portugal e São Tomé e Príncipe – á que posteriormente se incorporou Timor Leste coa súa ascensión á independencia nacional. Os estatutos da CPLP establecen como órganos executivos, e con competencia directiva, á Conferencia de Xefes de Estado e de Goberno, o Consello de Ministros, o Comité de Concertación Permanente e o Secretariado Executivo (Declaración Constitutiva da CPLP, 1996: 11; Estatutos da CPLP, 1996: 17). As subsecuentes revisións dos estatutos da CPLP (17 de Xullo de 2006 e 2 de Novembro de 2007) incorporaron, amais, como órganos da comunidade á Asemblea Parlamentar da CPLP (que reúne o conxunto dos parlamentos nacionais dos Estados membros), a Reunión dos Puntos Focais de Cooperación e as Reunións Ministeriais. No ámbito da II Cimeira de Xefes de Estado e de Goberno, realizada na cidade da Praia (1998), aprobouse o Estatuto de Observador da CPLP, posteriormente subdividido, no Consello de Ministros de 2005, en dúas categorías distintas: Observador Asociado (unha xanela de oportunidades para a eventual adhesión de Estados ou rexións lusófonos que pertencen a países terceiros) e Consultivo (co obxectivo de reforzar a aproximación á sociedade civil, tendo como principios basilares a promoción de boas prácticas relacionadas coa democracia, a boa gobernanção e o respecto polos dereitos humanos, i.e., os tradicionais instrumentos de condicionalidade política establecidos polas principais organizacións internacionais). Son actualmente Observadores Asociados da CPLP, Guinea Ecuatorial, as Illas Mauricio e Senegal.

cación, e mecanismo formatador dun “modo portugués de estar no mundo”⁽³⁾ (Moreira, 1956; Castelo, 1998: 13 e 101).

De acordo con Jaime Gama, a pesar de que o proceso de harmonización diplomática que conduciu ao consenso político sobre a constitución da CPLP se revelase complexo e estivese marcado por algúns compases de espera (Gama, 1996), o valor primacial do proxecto e a solidez dos propósitos comúns uníronse para a edificación dunha comunidade política ‘lusófona’, dotada dunha arquitectura institucional susceptible de lle conferir un novo nivel ao diálogo intercontinental e á concertación político-diplomática entre os seus constituíntes.

Os documentos constitutivos, os instrumentos estatutarios, normativos e orientadores de política esbozan o espectro dunha organización de foros multilateral vocacionada para a profundación dos lazos de amizade, fraternidade e solidariedade, o reforzo da concertación político-diplomática e unha cooperación asentada en beneficios mutuos entre os seus membros (Estatuto CPLP, 1996: 17). A CPLP ten como obxectivos estruturantes a (i) concertación político-diplomática entre os seus membros en materia das relacións externas, maiormente o reforzo da súa presenza nos foros internacionais; (ii) a cooperación reforzada nos dominios económico, social, cultural, xurídico e técnico-científico; e (iii) a materialización de proxectos atinentes á promoción e difusión da lingua portuguesa.

Gozando de personalidade xurídica e dotada de autonomía administrativa e financeira, a CPLP réxese polos principios da igualdade soberana dos Estados, non inxerencia nos asuntos internos, respecto polas identidades nacionais e reciprocidade de tratamento, promoción dos valores da paz, democracia e dereitos humanos, primado do estado de dereito democrático, xustiza social, respecto pola integridade territorial e promoción do desenvolvemento e dunha cooperación mutuamente vantaxosa.

A deconstrución perspectivista (Maltez, 2000: 231) dos fenómenos políticos avogada polos teóricos críticos (Horkheimer, 1937; Cox, 1995) e polos partidarios da analítica das ideoloxías (Mannheim, 1936), permítenos evidenciar que a CPLP non pasa dunha comunidade política que gañou corpo arredor dunha idea vehiculada polas elites e os intelectuais orgánicos⁽⁴⁾ (Gramsci, 1974; 1989), e que foi asumindo, paulatinamente, puxanza institucional como espazo de relacionamento político integrado.

(3) A expresión “*modo portugués de estar no mundo*” aquí adoptada foi un concepto introducido no discurso académico nacional polo profesor Adriano Moreira nos anos 1950, cuxa implantación foi consolidada rapidamente, coa súa consecuente apropiación e reprodución no discurso e ideario políticos do Estado Novo (Moreira, 1956; Pereira Neto, 1995: 124).

(4) António Gramsci atribúe aos intelectuais orgánicos a tarefa hercúlea de alterar a cultura política e a cultura obxectiva por medio do combate cultural “*para facer madurecer a sociedade cara unha nova fórmula política*” (Bessa, 1997: 46), dado que o poder constitúe o principal obxecto da disputa política. António Gramsci suxire, alén diso, a posibilidade de mudar os vectores da cultura subxectiva dos individuos a través dunha intensa operación de propaganda da cultura política (Gramsci, 1989) con implicacións sobre a fórmula política dominante e o modelo do discurso legitimador. A distinción establecida entre “dominio” (momento da forza) e dirección (organización do consenso) é fundamental: o grupo dominante só se torna dirixente cando chega, por mediación dos seus intelectuais, a exercer a súa hexemonía sobre a sociedade enteira. Para unha visión máis sistematizada sobre a formación e o papel dos intelectuais orgánicos na dirección intelectual e moral das sociedades contemporáneas véxase, António Gramsci (1975: 72; 1989)

A retórica discursiva e o argumentario político mobilizados para a constitución desta comunidade política 'lusófona' estrutúranse arredor dun discurso lexitimador que proclama a lingua portuguesa como patrimonio común formatador do modo histórico de pensar lusófono, asenta as súas bases na experiencia colonial portuguesa e convoca para efectos de lexitimación política argumentos e conceptos hiper-identitarios (Martins, 2004: 5) como lusofonía e lusotropicalismo.

A mobilización deses construtos teóricos, materializados na espiña dorsal da CPLP, ten o seu peso relativo e continúan, aínda hoxe, a ser mobilizados para lexitimar unha "*visión distintiva da colonización portuguesa, a fin de contas recentísima, e seguramente ligada a unha perda de influencia no mundo*" (Lopes, 2003: 24).

O concepto de lusofonía aquí convocado estriba, por un lado, (i) nunha "*noción xeral intelectualmente elaborada polas elites, vivencialmente percibida e intuída por segmentos significativos da poboación e, en maior ou menor grao, explicitamente asumida polos responsables políticos*" (Rodrigues Lopes, 2007: 4), e por outro lado, (ii) permanece como un concepto en proceso histórico de construción cuxa proxección de futuro depende dos diferentes niveis de investimento político e identitario patrocinado polos seus constituíntes.

A verdade é que a lusofonía – tendo outrora como arquetipo mítico ao quinto imperio relixioso proxectado polo Padre Antón Viera ou Fernando Pessoa, que o concibe non como unha crenza mesiánica senón como proceso de emancipación cultural susceptible de edificar unha patria na que a "*lingua portuguesa sería o cemento da unión de varios pobos*" (Cristóvão, 2000: 1) –, constitúe, hoxe, un concepto xenérico, difuso e circunscrito á súa dimensión lingüístico-cultural, cuxo espectro xeopolítico carece de potenciación e de orientada instrumentalización. As redes de interdependencia complexa (Keohane & Nye, 2001: 7) que se tecen no sistema internacional contemporáneo e a fragmentación dos recursos de poder, produtores da dependencia mutua e bidireccional (Reynolds & McKinlay, 1979: 145), presupoñen que o concepto de lusofonía se adapte, despois de connotacións estritamente lingüísticas, culturais, identitarias e retóricas, ao contexto dunha xeopolítica multipolar, dado que é "*máis que un proxecto ou cuestión cultural, lingüístico-literario ou de 'lingua', por cima de todo, unha cuestión de desenvolvemento e de estratexia xeopolítica*" (Santos Neves, 2005: 121).

A pesar das demandas da actual xeografía política, o concepto de lusofonía que inspira, na actual contextura política a retórica, a praxe e o argumentario político da CPLP revela diminuta proficiencia e a súa incapacidade para transcender máis alá da cuestión lingüística, así como para afirmarse globalmente como unha área cultural de influencia. Aínda que na súa acepción marcadamente cultural, lingüística e identitaria, a lusofonía (e os seus sucedáneos) podía constituírse como un instrumento de cooperación externa e de afirmación da presenza das nacións lusofalantes nos foros internacionais.

Segundo Ernâni Lopes, do concepto de lusofonía subxacen, por un lado, un conxunto de compoñentes básicos, e por outro, vectores dinámicos cuxa poten-

ciación incrementará as posibilidades de realización histórica dunha comunidade. Entre os compoñentes básicos, salientan particularmente (i) a lingua portuguesa como *compoñente formal* e matriz diferenciadora da lusofonía, (ii) o *compoñente antropolóxico* que soporta a construción secular dunha matriz histórico-cultural, (iii) o *compoñente político* que deriva da expresa vontade política de Estados soberanos de constituír a CPLP como arquitectura institucional de concertación político-diplomática e potenciador do poder a escala global, (iv) o *compoñente xeopolítico* “constituído pola realidade dunha cobertura espacial a escala planetaria, susceptible de potenciación en termos dunha rede de articulación estratéxica de proxección global” (Rodrigues Lopes, 2007: 4) e, por último, o *compoñente sociolóxico* que deriva dunha pertenza identitaria e de unificación de cada Estado reforzado, en gran medida, pola partilla lingüística.

Os argumentos aducidos a propósito dos vectores dinámicos inherentes ao concepto de lusofonía e aos esforzos necesarios de profundación e explicitación do seu potencial de transformación social (Rodrigues Lopes, 2007) estrutúranse arredor dos seguintes postulados: herdanza e proxecto (avaliación dos resultados do pasado e proxección do futuro); afirmación e desenvolvemento (resposta proficua ás aspiracións dos pobos); estratexia e acción (lucidez e orientación estratéxica na prosecución dos propósitos); convicción e empeño (actitude proactiva e sentido da responsabilidade para coas xeracións futuras); humanismo e universalidade (desenvolvemento dunha matriz teórica e vivencial apoiada nunha perspectiva de humanismo universalista).

A propósito do soño lusófono no territorio imaxinario das culturas (Martins, 2004: 2), o filósofo e ensaísta portugués Eduardo Lourenço alude á dimensión mítica, simbólica e imaxinaria subxacente á constitución da comunidade ‘lusófona’, para quen, o “soño dunha comunidade de pobos de lingua portuguesa, ben ou mal soñado, é por natureza – particularmente histórica e mitolóxica – un soño de raíz, de estrutura, de intención e de amplitude lusiada” (Lourenço, 1999: 162-163).

O argumentario político, a retórica discursiva e o discurso lexitimador da comunidade ‘lusófona’ fundaméntanse nunha actualización tributaria, e debidamente contextualizada, dos dispositivos retóricos do lusotropicalismo (inflexión) e o seu ideario político de referencia, vinculado, aínda, a unha nostalxia imperial (Martins, 2004) que tenta pechar o ciclo dunha epopea imperial (Lourenço, 1983) no contexto dunha nación (Portugal) sumida nunha profunda crise identitaria, e que revela, máis contemporaneamente, un notable medo de existir (Gil, 2004).

Desta forma, tórnase tarefa ardua, aínda que emancipadora, a conceptualización e categorización da CPLP nun escenario internacional imbuído pola interdependencia complexa (Nye & Keohane, 2001; Goldmann, 1979: 1-5), pola constitución de grandes espazos xeopolíticos e o encontro das áreas culturais (Moreira, 2009), e marcado polos desafíos centrífugos da globalización e centrípetos da rexionalización (Lopes, 2003: 24), para non mencionar a manifesta fragilidade dos conceptos, a lusofonía e lusotropicalismo, que lle serven de alicerce teórico (Torres & Ennes-Ferreira, 2001: 27).

2. Revisando un percorrido histórico conturbado?

A crítica intersubxectiva⁽⁵⁾ e da razón lusófona (Santos Neves, 2002) ten percibido a CPLP máis como unha tentativa de restauración e purificación dun pasado colonial inglorioso, marcado por unha inserción errada na revolución industrial e descolonización non programada (Lopes, 2003: 25), atributo dun imperial-saudosismo e colonial-complexismo (Santos Neves, 2003: 3), sendo, así, resultado dunha invención metahistórica e sucedáneo neocolonialista do imperio colonial perdido (Cristóvão, 2002: 3), nun contexto político no que hai moito tempo foi proclamado o peche do ciclo histórico da epopea imperial (Lourenço, 1983).

A pesar de ser moi criticada como estando presa do anatema neocolonial e do mito do imperio que pulula no imaxinario cultural e ideolóxico portugués, a CPLP, formada en 1996, constitúe un dos cadros institucionais cuxos respectivos constituíntes se insiren na esfera internacional (Cardoso, 2003: 14), tendo como sustentáculo basilar a partilla dun mesmo idioma, a existencia de afinidades históricas e culturais, relacións económicas bilaterais con diferentes graos de intensificación entre os seus membros, e cuxo discurso lexitimador e ideario político de referencia está estruturado en torno á idea de lusofonía e lusotropicalismo, ensaiada por Gilberto Freyre (1933, 1940, 1958), epíteto dunha versión contemporánea do supradito mito do quinto imperio (Rosário, 2007: 2).

No entanto, a pesar de que as intrínsecas afinidades encerran potencialidades de valor, a CPLP como modelo político-institucional congrega, do mesmo modo, complexos históricos, xeográficos e culturais diversos cuxo descoñecemento recíproco representa o principal *handicap* da comunidade, o que xera, de feito, “*moitos espazos en branco nas percepcións da vida política, económica, cultural e social dos países constitutivos da CPLP*” (Cardoso, 2003: 14). Malia ser enaltecido pola Declaración de Bissau de 2006, ese “coñecemento mutuo” de fundamental importancia para reforzar a aproximación cultural das novas xeracións para a comprensión, aceptación e solidariedade recíprocas (CPLP, 2006: 7), aínda “non existe na CPLP” (Braga de Macedo, 2008: 6; 2007: 4), o que delonga, segundo Fernando Jorge Cardoso, a afirmación internacional dos estados que a constitúen.

A lingua común como elemento agregador e identitario, vehículo de comunicación e de formatación dun modo histórico de pensar, actuar e sentir no espazo da CPLP “*non basta, por si soa, para definir unha nova entidade internacional con obxectivos políticos e de cooperación*” (Cardoso, 2003: 14), sendo mester o pragmatismo na acción política e a asunción dun realismo xeopolítico (Soros, 2000: 304) nun mundo globalizado e marcado pola xestión da interdependencia complexa (Nye & Keohane, 2001).

(5) Nun exercicio de autocritica sen precedentes e a propósito das apreciacións críticas das que a CPLP é obxecto, Carlos Lopes caracterízaa, metaforicamente, como “unha especie de bombo da festa” (Lopes, 2003: 26) ao que se lle tiran facilmente as pedras cando o espectáculo non é de calidade. Igualmente, prosegue vaticinando, que do “pletórico número de asociacións e institucións de lingua portuguesa – académicas, relixiosas, deportivas ou profesionais – case todas poden reclamar máis resultados que a CPLP, a pesar de teren escasos medios” (Lopes, 2003: 26).

Para aferir sobre as potencialidades, os constrinximentos e os desafíos que se lle presentan á afirmación e proxección externa da CPLP no contexto dunha xeopolítica multipolar, realista e interdependente, importa tecer algunhas consideracións respecto ao seu lugar nos discursos políticos, na retórica pública e no ideario da política externa dos Estados membros. A diversidade de posicións políticas, ideolóxicas e identitarias é directamente proporcional á diversidade dos contextos e realidades en evidencia, e tributaria de concepcións diferenciadas de interese nacional e da cultura estratéxica que lle subxace.

No caso de Portugal, paradoxicamente, a importancia da CPLP é subalterna, sendo comunmente referida na retórica discursiva e no argumentario político como unha prioridade secundaria (Cardoso, 2003), inmediatamente trala integración europea e o reforzo das relacións transatlánticas, porque a “*prioridade institucional da CPLP acaba por ser somerxida, quer polos subconxuntos nos que Europa ou o eixo transatlántico están divididos, quer polos dossiers das relacións bilaterais con Brasil e Angola*” (Cardoso, 2003: 15).

Paradoxos, rupturas e (des) continuidades son facilmente perceptibles na acción externa portuguesa no que atinxe ao lugar da CPLP no seu ideario político nacional: (i) *ruptura* porque co proceso de descolonización dos territorios africanos (que comporta unha dimensión traumática asociada ao sentimento de “perda”) procedeuse a unha viraxe estratéxica cara a matriz europea, rompendo, por conseguinte, co ideario da construción dunha comunidade imaxinada (Anderson, 1983: 5) asentada na retórica nacionalista e discursiva dun Portugal único e indivisible “do Miño a Timor”; é, amais, *paradoxal*, o feito de que Portugal, principal mentor dun proxecto político ‘lusófono’ que asume o pasado colonial como construtor de afinidades históricas, culturais e identitarias, non lle dese prioridade á CPLP na súa política externa en oposición ao lugar privilexiado que lle atribúe ao proceso de integración europea, ás relacións transatlánticas e a outros subconxuntos políticos bilaterais considerados relevantes; e, finalmente, (*des*) *continuidades*, porque denotamos variacións acentuadas na retórica e argumentario políticos sobre a valorización da CPLP consonte o modelo dos intereses nacionais e de proxección externa e ideolóxica en causa.

Para o Brasil, a CPLP nunca constituíu unha prioridade do ideario da súa política externa e non se albiscan, a curto, medio e longo prazo, oscilacións estratéxicas nese sentido. O lugar da CPLP nas prioridades políticas brasileiras é difuso (Cardoso, 2003: 15) e deriva, en parte, da mutua desconfianza e das endémicas (e estériles) rivalidades luso-brasileiras, só atenuadas pola pseudo-irmandade que envolve a retórica do discurso da chancelaría, personificado nesa cínica aberta “fraternal” na que ámbolos dous brazos nunca se encontran. As orientacións estratéxicas da política externa brasileira gravitan arredor doutros grandes espazos xeopolíticos como o Mercosur, os Estados Unidos e a UE. Se no futuro se albiscasen orientacións políticas no sentido da valorización da CPLP, estas non irán máis alá da tentativa de captar o potencial que ese espazo encerra en termos de cooperación bilateral con Portugal e Angola (intereses manifestamente enerxéticos). Son alegados algúns argumentos históricos para o

feito de que Brasil nunca tivese desenvolvido unha verdadeira “*ambición lusófona*” (Lopes, 2003: 25), como son a as ditaduras nacionalistas, o proceso caudillista latinoamericano, e que África represente, para a elite brasileira, o “*submundo de procesos identitarios escondidos no propio país*” (Lopes, 2003: 25).

Debido aos múltiples espazos de cooperación política e integración rexional nos que se encontra inserido (CEEAC, COMESA, SADC, UA, ACP), en Angola, a CPLP é, aínda, unha realidade moi distante, máis un mito do que realidade (Pizarro, 2003: 17), cuxa prioridade política revélase bastante imperceptible, xa que os esforzos até entón mobilizados apuntan a consideracións de natureza fortemente bilateral (Cardoso, 2003), tendo como ancoradoiro a EUA e África do Sur. Conforme Fernando Jorge Cardoso, o fin da guerra, o contexto rexional envolvente e as prioridades atinentes á reconstrución nacional e desenvolvemento sustentado, mantiveron nun segundo plano o reforzo da CPLP, a pesar da gran importancia atribuída ás relacións de cooperación trilateral (Angola, Brasil e Portugal).

A coherencia dos principios e o pragmatismo da acción (Costa, 2009: 160) da política externa cabo-verdiana explica o seu voluntarismo inmediato e o entusiasmo político na creación e institucionalización da CPLP (Furtado, 2003: 21), grazas a unha diplomacia política que privilexiou unha participación actuante nos grandes espazos xeopolíticos e nas organizacións internacionais de vocación rexional e universal (Costa, 2009: 217), e que consubstancia un percorrido histórico singular e paradigmático nas relacións Norte/Sur, cuestionando, así, a través de evidencias teóricas e empíricas válidas, as catalogacións xeneralizantes dos paradigmas internacionais hexemónicos (Varela, 2006: 71-88; 2005). Así, a “*asunción política do proxecto CPLP por parte de Cabo Verde encádrase na estratexia global de desenvolvemento do país, no ámbito máis vasto do proceso da súa internacionalización, aproveitando as sinerxías resultantes non só da fortificación das relacións económicas, políticas e culturais entre os Oito senón tamén, a partir da inserción subrexional e/ou rexional de cada un dos países membros, tirar os proveitos resultantes*” (Furtado, 2003: 21).

Nun punto extremadamente oposto sitúase Mozambique (adhírese á Commonwealth no 1995), un dos Estados membros do espazo lusófono onde os niveis de escepticismo e desinterese político (Cardoso, 2003: 15) pola CPLP asumen o seu esplendor, pese a manter a lingua portuguesa como idioma oficial e elemento estratéxico de identidade rexional. A integración de Guinea Bissau no concerto global das nacións e nos procesos de cooperación multilateral ten sido, en parte, dificultada pola inestabilidade política interna e crecente desagregación das institucións do Estado, o que imposibilita, de feito, unha análise matizada e fidedigna do lugar da CPLP na súa axenda política. A súa dependencia fronte ás institucións internacionais e aos instrumentos financeiros de cooperación externa evidencia a determinación dos recursos asignados polos organismos de integración rexional, maiormente a través da CPLP, na sustentabilidade e viabilidade do desenvolvemento dunha nación en permanente (re)construción e con múltiples ancoraxes políticas rexionais (CEDEAO, UEMOA, BAO, UA, ACP, francofonía).

Tal como nas illas de Cabo Verde, no arquipélago de São Tomé e Príncipe, é pacífica e consensual a prioridade diplomática atribuída á CPLP, xa que a inserción no espazo comunitario 'lusófono' atópase encadrada dentro da estratexia global de desenvolvemento nacional, aínda que as posibilidades de prospección e exploración dos recursos fósiles (petróleo) redefinan, a medio prazo, o xadrez xeostratéxico e a estrutura das prioridades políticas. Coa ascensión de Timor Leste á condición de Estado independente, a CPLP potenciou con amplitude a súa esfera de influencia territorial no mundo asiático pasando dunha plataforma de cooperación tricontinental a un espectro cuadricontinental, pautado, como é obvio, por unha política de reintroducción da lingua portuguesa como elemento de identidade nacional e de afirmación rexional (Cardoso, 2003).

O percorrido histórico da CPLP e o seu lugar na estrutura da política externa dos Estados preséntase distinto, difuso, envolto por un argumentario político e retórica discursiva que enche os espazos baleiros, atributo dun discurso lexitimador marcadamente teleolóxico e de intermediación de intereses orientado polas elites política e intelectual. Os principios orientadores da institucionalización da CPLP teñen gravitado en torno á lingua portuguesa (matriz identitaria), á concertación político-diplomática e ao reforzo da cooperación multilateral en varios dominios, fins obxectivos pero manifestamente insuficientes para a afirmación internacional dunha comunidade política.

As opcións de política externa dos Estados membros da CPLP ilustraron prioridades e orientacións distintas, o que debilita o triunfo político e institucional da comunidade visto que, como postula James E. Dougherty e Robert Pfaltzgraff, Jr., *"unha integración vitoriosa depende da capacidade que as persoas [e, porque non, os Estados] teñen de interiorizar o proceso integrador – e, por conseguinte, de asumir un compromiso pleno co mesmo"* (Dougherty & Pfaltzgraff, 2003: 649), i.e., un proceso de transferencia de lealdades, expectativas e funcións políticas, do que fala o teórico Ernst Haas (1958).

Engádeselle, amais, á incapacidade de proxección externa e de afirmación nos foros internacionais, a inexistencia dun pragmatismo na acción política e de principios coherentes coa primacía do multilateralismo político, da xeopolítica multipolar e da interdependencia complexa que permea o sistema internacional contemporáneo, froito dunha estrutura política e institucional débil e incipiente. Non obstante o seu recoñecemento *de iure* no concerto das institucións políticas internacionais, a CPLP padece, *de facto*, dunha afirmación como potencia internacional con obxectivos de integración política e de cooperación intracomunitaria e interrexional. Ademais, aínda non foron descubertas as verdadeiras potencialidades dos diferentes contextos políticos que integran a comunidade (derivados da diversidade interna), os mecanismos dunha cooperación económica integrada, a libre circulación de bens e persoas (estatuto do cidadán lusófono) e os construtos ideolóxicos e identitarios susceptibles de incrementar o "ímpeto integrador" (Nye, 1971: 73; Dougherty & Pfaltzgraff, 2003: 649). Engádenselle, a todo isto, os poucos recursos á súa disposición e unha estrutura

institucional altamente burocratizada que imposibilita a súa afirmación externa no concerto das organizacións internacionais.

Igualmente, parécenos evidente que o descoñecemento mutuo da diversidade política, social, económica e cultural que encerra o espazo ‘lusófono’ e o seu fraco enraizamento na sociedade civil, constitúen factores explicativos dunha estrutura institucional aínda incipiente e que espella as debilidades dunha organización en proceso de madureza política. As estruturas político-institucionais da CPLP e os mecanismos de cooperación mobilizados “*reflecten unha relación estricta coas decisións diplomáticas ou de Estado en relación aos órganos de decisión dos Estados membros*” (Mourón, 2003: 20) e un distanciamento social manifesto, atributo dunha comunidade aínda ficticia na vida concreta das persoas, a pesar da advertencia colixida por Eduardo Lourenço a propósito dun “mínimo de mitoloxía cultural partillada” (Lourenço, 1999) para a concreción da lusofonía.

A participación social na construción da lusofonía e dunha comunidade dos pobos de lingua portuguesa, implica unha viraxe cualitativa que se traduza na inventariación de infraestruturas sociais asentadas na vontade, esforzo e lucidez dos cidadáns dos Oito (Rodrigues Lopes, 2007), e non nunha organización movida ao sabor de retóricas políticas que reflecten a circunstancia de estados exiguos (Moreira, 2009) agregados baixo a éxida dun respaldo institucional cunha diminuta expresión externa.

3. A “lusofonía” e a CPLP: ensaios neo-lusotropicalistas?

Lusofonia, *s. f. (neol.)* *adopção da língua portuguesa como língua oficial, por quem não a tem como língua vernácula; o falar português*⁽⁶⁾.

Lusófono, *adj. (neol.)*, *designativo de país ou povo que tem como língua oficial o português*⁽⁷⁾.

Formada en 1996, a CPLP constitúe unha organización internacional que ten, esencialmente, como base de xustificación institucional da súa existencia os seguintes puntos: o feito de que os seus membros partillen unha lingua oficial (o portugués); o feito de que un dos seus asociados, Portugal, no pasado colonizase os restantes membros; e o feito de existiren relacións económicas bilaterais con algún significado por parte de Brasil e de Portugal cos outros parceiros da comunidade. Como é obvio, estes puntos fortes son manifestamente insuficientes para dar conta da diversidade das realidades e contextos existentes. Aliás, o feito de que exista un grande descoñecemento desa diversidade política, económica e social, principalmente por parte da cúpula po-

(6) *Dicionário Universal de Língua Portuguesa*, Texto Editora, 1999.

(7) *Dicionário Universal de Língua Portuguesa*, idem.

lítica dos respectivos países, leva a algúns autores que se mostran defensores da CPLP como, por exemplo, o entón embaixador de Cabo Verde en Portugal, Onésimo Silveira (que a pesar de considerar que a organización é unha “comunidade con grandes potencialidades”), a aseverar que “(...) a CPLP debe baixar do trono e representar ao pobo. Noutras palabras, as cimeiras deben descender ás bases, á rúa”⁽⁸⁾.

Analizando polo miúdo as razóns do referido descoñecemento, Fernando Cardoso afirma que, coa excepción de Timor Leste, que é un caso especial, “o espazo existente entre as independencias e a formación da CPLP permitiu un importante distanciamento entre o antigo colonizador, Portugal, e os restantes países” (Cardoso, 2005: 244), aliado ao feito de que a economía portuguesa, alén de estar integrada na Unión Europea, non ten capacidade ou expresión neocolonial como outras ex-potencias coloniais europeas como é o caso de Francia e Inglaterra, e, finalmente, polo feito de que Brasil ultrapasase a antiga metrópole no papel desempeñado na creación da organización (nomeadamente a do embaixador José Aparecido de Oliveira) e de que actualmente sexa o membro que ten un peso cada vez maior nas relacións económicas bilaterais cos restantes membros africanos⁽⁹⁾.

A CPLP non constitúe un rival da Commonwealth, da francofonía ou da hispanofonía, non é e nin pode pretender ser un organismo de integración rexional, mesmo na súa forma máis simple de zona de libre comercio, non só pola dispersión xeográfica senón tamén pola carencia de relacións comerciais e financeiras entre as respectivas economías: “a falta dun contido económico determina a fragilidade institucional da CPLP” (Lopes, 2003: 26). Aínda que se rexistren relacións económicas bilaterais con algunha intensidade entre unha parte dos seus constituíntes, a CPLP non soubo tirar proveito práctico do potencial que encerra a súa conceptualización teórica como “rede de articulación estratéxica de proxección global” (Rodrigues Lopes, 2007: 4), especialmente se aludirmos aos mecanismos de ramificación⁽¹⁰⁾ (Mitrany, 1948: 350) ou spill-over⁽¹¹⁾ (Haas, 1964: 48) que subxacen á lóxica neo-funcionalista da integración rexional.

(8) *Africa Lusófona: Política, Economía e Sociedade*, Ano I, Nº 12, Decembro/Xaneiro 2003, p. 36. É suficiente un pequeno estudo das actividades efectuadas pola CPLP para verificarmos que elas estiveron situadas esencialmente a nivel das cimeiras entre os ministerios dos estados membros da organización, cf., entre outros, nº 2, 3, 4 e 5 do *Boletim da CPLP*.

(9) A propósito, por exemplo, do crecente fluxo “informal” do comercio entre Cabo Verde e Brasil, cf. Muniz (2009).

(10) O concepto de ramificación foi desenvolvido por David Mitrany que, no ámbito da aplicación da integración funcionalista ás relacións internacionais, procurou demostrar que a circunstancia dunha colaboración vitoriosa entre Estados nunha área técnica específica incentivaría a expansión da cooperación noutros dominios, porque cando os Estados se integran en múltiples áreas técnicas e funcionais, e polo tanto imbricadas, os custos para revogar (como por exemplo, ir para a guerra) tales relacións aumentan significativamente.

(11) Ernst Haas foi o responsable da conceptualización daquilo que David Mitrany apelidou de “doutrina da ramificación”. Haas define *spill-over* (ramificación, vasos comunicantes) como “a lóxica de expansión da integración por sectores” e advirte amais que “se os actores, baseados nas súas percepcións inspiradas nos intereses, desexasen adaptar as leccións de integración apreñendas a un contexto nunha nova situación, a lección será xeneralizada” (Haas, 1964: 48). Philippe Schmitter suxire a mobilización do concepto de spill-over no contexto dunha tipoloxía de opcións estratéxicas á disposición dos actores que envolve, alén diso, outros conceptos como o *spill-around*, *buildup*, *retrenchement*, *muddle-about*, *encapsulate* e *spill-back* (1970: 846). Para un cadro debidamente sistematizado da tipoloxía presentada por Philippe Schmitter a propósito das opcións estratéxicas alternativas dos actores véxase, tamén, Ben Rosamond (2000: 65).

Para Cardoso “a multiplicidade de discursos e afirmacións sobre o papel e a importancia da CPLP, salientando o seu lugar secundario na axenda de cada un dos países membros ou na escena internacional, ou focalizando a fraqueza de comercio e investimento recíprocos, acaban por expresar posicións críticas relativas a expectativas e non posicións críticas relativas a realidades ou capacidades” (Cardoso, 2005: 244-5).

Nas palabras de Cardoso:

“A Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, CPLP, que agrupa os países africanos lusófonos, Portugal, Brasil e Timor, é de formación recente e non ten vocación para xogar un papel significativo no proceso de integración económica rexional. Os fluxos económicos entre os países africanos lusófonos son practicamente inexistentes e os fluxos de comercio e investimento existentes nos países da comunidade son bilaterais, entre Portugal e cada un dos países africanos e, en menor escala, entre cada un destes e Brasil. Nestas circunstancias, non hai que alimentar expectativas sobre o papel da CPLP como catalizador de cooperación ou integración económica no continente” (Cardoso, 2005: 239).

Na mesma senda, Ilídio Amaral afirma o seguinte:

“Deféndase a lusofonía, é un punto de honra, mais sen esquecer que ela non constitúe un fenómeno impar. Como máximo é a de formalización máis recente, se a comparamos coa anglofonía (a Commonwealth, instituída en 1931, é un dos espazos máis importantes no que se refire ao número de países e ao volume total de falantes de inglés), a francofonía (a súa comunidade, instituída nos anos 60, ten máis de 30 países espallados por todas as partes do mundo), a hispanofonía (20 países, 375 millóns de habitantes, 21 con Filipinas, e polo tanto, 435 millóns). A lusofonía, tal como as súas conxéneres, é un espazo virtual, pero efectivamente fragmentado e aberto á intersección cos outros” (Amaral, 2005: 24).

A pesar das súas debilidades institucionais, dous dos grandes eixes de intervención da CPLP, a “defensa e seguranza”, e a “concertación político-diplomática, ou das accións internacionais dos seus membros”, encerran algunha potencialidade. O primeiro basicamente traduciu-se en exercicios militares conxuntos denominados “exercicios Felino” que visan a preparación dunha “eventual actuación conxunta das Forzas Armadas dos países da CPLP en misións de manutención de paz, sempre baixo a égida das Nacións Unidas” (Livro da CPLP: 69). O segundo visa a procura dunha concertación político-diplomática “como forma de interiorizar o sentido de

agrupamento político, principalmente, no âmbito multilateral”, e un apelo a que “estes países actúen como un bloque, a pesar das reivindicacións particulares, e que estabelezan puntos comúns de debate e entendemento” (Libro da CPLP: 69). Sendo, desde o noso punto de vista, un obxectivo primacial, estivo, porén, moi desvalorizado e marxinado. O carácter residual, por non dicir inexistente, desa concertación, tornouse evidente, por exemplo, na intervención militar liderada por Estados Unidos en Iraq cando, nomeadamente, Brasil condenou a intervención defendendo unha solución multilateral no ámbito da Organización das Nacións Unidas (ONU) e o goberno portugués, polo seu lado, tomou partido polos principais interventores, EUA e Gran Bretaña. No caso de que a CPLP formase un bloque político real e solidario, podería ter unha significativa influencia internacional e constituír un forte contrapeso no que respecta a temas susceptibles de prexudicar aos seus membros (Varela, 2006: 86).

Para Cardoso, *“canto máis globalizante sexa a acción concertada, isto é, se excede as fronteiras da CPLP, máis reforzados se verán o prestixio e a capacidade de intervención da comunidade nos diversos escenarios internacionais. Por dar un exemplo, as actitudes parroquialistas e pasadistas que viran na adhesión de Mozambique á ‘Commonwealth’ unha ameaza para a presenza portuguesa naquel país e que agora se repiten a propósito dunha potencial actitude similar por parte de Timor Leste mantéñense presentes en personalidades e círculos políticos e empresariais portugueses, incapaces de distinguir entre ameazas e oportunidades”* (Cardoso, 2005: 248).

Concentrados nas súas dinámicas internas e de integración rexional en África, Europa, América do Sur e Asia, os membros da CPLP, en xeral, consideran que esta é pouco prioritaria, ou secundaria, na súa axenda⁽¹²⁾. Mesmo os países máis pequenos como Cabo Verde, São Tomé e Príncipe e Guinea Bissau, onde, se callar, sería de esperar unha menor resistencia e un maior investimento (quizais neocolonial) por parte dos membros máis poderosos como Brasil e Portugal, estes últimos optaron polo reforzo das relacións bilaterais. O caso de Cabo Verde é paradigmático nese sentido. En primeiro lugar, como xa vimos, o aumento do fluxo das relacións económicas bilaterais entre Cabo Verde e Brasil puxeron en perigo o dominio portugués nesa materia a pesar de que, a nivel da chamada cooperación para o desenvolvemento, a balanza se inclinase para o lado dos portugueses.

En segundo lugar, cando se esperaba que o discurso favorable e continuo á CPLP tivese consecuencias prácticas mediante o establecemento do *Instituto Internacional de Língua Portuguesa* no país, ao que se asiste na realidade non é mais do que a un total fracaso deste emprendemento, despojado de medios financeiros para dar seguimento ao obxectivo de preservar e valorizar a lingua portuguesa no espazo da comunidade. Amais, o feito de que o anfitrión do instituto sexa o único

(12) A propósito deste tema, cf., entre outros, Lopes (2006).

dos países africanos da CPLP⁽¹³⁾ que está en pleno proceso de oficialización da súa lingua materna -dando pasos no sentido de que, a medio e longo prazo, a lingua caboverdiana poda ser ensinada nas escolas e utilizada formalmente nas institucións públicas-, non foi ben visto por algunhas correntes de cariz neocolonial, luso ou neo-lusotropicalistas que, con algunha nostalxia imperial, ven a lingua caboverdiana como concorrente do portugués e que pode por en causa a súa prevalencia no país, a pesar de que un dos obxectivos do proceso de oficialización do caboverdiano sexa exactamente o contrario, ou sexa, a preservación das dúas linguas e a asunción do bilingüismo caboverdiano. Esta postura colonial dos detractores da lingua caboverdiana lembra a posición de algúns intelectuais no período colonial. Segundo Amaral:

"(...) na segunda metade do século XIX, (...) ilustres estudosos das illas, como José Joaquim Lopes Lima, Francisco Varnhagen e José Carlos Chelmick e o caboverdiano Joao Augusto Martins [referíranse ao crioulo] como 'unha algarabía mestiza pronunciada velozmente, con terminacións guturais, sen gramática nin regras fixas', unha 'ridícula lingua, idioma perverso, corrupto e imperfecto, sen construción nin gramática', 'condenable tanto polo criterio político como polo criterio civilizador de Cabo Verde'. Na primeira metade do século XX, máis precisamente no 1934, nunha comunicación do etnólogo António José do Nascimento Moura presentada no 1.º Congreso de Antropoloxía Colonial, o autor suxería que se prohibise o crioulo, aínda que polo uso da forza, 'nos edificios públicos e en actos oficiais', xa que tal dialecto non favorecía 'a idea unitaria do imperio'" (Amaral, 2005: 23).

É precisamente esta nostalxia imperial e/ou do imperio, que continua a subsistir máis de tres décadas trala independencia das colonias, a que impide aos ditos detractores ver que a aposta por unha política de reforzo da lingua portuguesa por parte de cada un dos países africanos é un designio esencialmente interno ou endógeno, independentemente dos deseños neocoloniais, non asumidos, da ex-metrópole ou dos orgullosos nostálgicos que van emerxendo. Xa antes das independencias, por exemplo, o escritor angolano Luandino Vieira, dicía en 1967 no seu romance *Nós, os do Makulusu*, escrito no campo de concentración do Tarrafal onde estivo preso durante sete anos, que a lingua portuguesa é "un trofeo de guerra" (Vieira, 2004). Tamén Amílcar Cabral, un dos principais ideólogos da loita anticolonial en África, dicía en 1969:

(13) Nos restantes países ese proceso é necesariamente máis lento e custoso pois, alén do portugués existen outras linguas nacionais, e moitas, ao longo do tempo foron perecendo debido á ausencia de políticas de preservación e debido ao avance canibalizante do portugués, visto pola elite política, como é o caso de Angola e Mozambique, como a lingua unificadora dos recentes "Estados nacións", e como forma de diferenciación e identificación no espazo rexional africano en relación ao francés e o inglés.

“Temos que ter un sentido real da nosa cultura. O portugués (lingua) é unha das mellores cousas que os tugas nos deixaron, porque a lingua, non é proba de máis nada, senón un instrumento para que os homes se relacionen uns cos outros, é un instrumento, un medio para falar, para expresar as realidades da vida e do mundo” (Cabral, 1979: 103). “Nós, Partido, se queremos que o noso pobo camiñe cara adiante durante moito tempo aínda, para escribir, para avanzar na ciencia, a nosa lingua ten que ser o portugués. E iso é unha honra. É a única cousa que podemos agradecer ao tuga, que el nos deixase a súa lingua despois de roubar tanto na nosa terra. Ata un día no que de feito, despois de estudar profundamente o crioulo, de encontrar todas as regras de fonética boas para o crioulo, podamos pasar a escribir en crioulo” (Cabral, idem: 105).

En síntese, actualmente o portugués é un vehículo de expresión nacional e un instrumento de identidades nacionais en espazos rexionais africanos diversos. Por iso, facer depender a existencia ou a acción da CPLP dunha lingua – considerándoa un elemento central da súa cohesión e identidade, ou considerar que só unha categoría identitaria, a lingua, pode forxar unha comunidade ‘lusófona’, convértese nunha arrogancia neocolonial que Aníbal Quijano (2000) apelidou de “colonialidade do poder” (Quijano, 2000: 201-46).

É obvio que a suposta lusofonía dos membros da CPLP non basta para afirmar esta nova identidade internacional que ten obxectivos políticos e de cooperación. Ao respecto, a posición “oficial” da CPLP é a seguinte:

“[a] confusión entre os conceptos de “lusofonía” e de Comunidade dos Países de Língua Portuguesa ten estado na orixe de moitas polémicas, e a utilización do portugués como o idioma oficial necesita ser esclarecida. Esta é a condición inultrapasable para pertencer á CPLP. A creación do estatuto de Observador Asociado abriu unha xanela de oportunidades para o eventual ingreso de estados ou rexións lusófonas que pertencen a Estados terceiros, mediante acordo cos estados membros. O universo da lusofonía non coincide sempre coas fronteiras da CPLP e esta, á súa vez, inclúe pobos e comunidades que non teñen o portugués como lingua materna” (Livro da CPLP: 135).

Alén da preconización dunha expansión do alcance xeográfico tanto da “lusofonía” como da CPLP, o que se albisca nesa declaración é que, efectivamente, tanto na configuración institucional da CPLP como no concepto de “lusofonía” é a lingua portuguesa, oficial ou materna, a categoría identitaria/base principal, da que se infire

a identidade ‘lusófona’. Tal como, por exemplo, nos casos da Organización Internacional da Francofonía – que ten por base a “francofonía”, e da Commonwealth – que ten como soporte a “anglofonía”, é o concepto de “lusofonía” o fundamento do xurdimiento da CPLP, non podendo existir confusión entre os dous xa que o primeiro antecede e inspira ao segundo.

4. “Provincializando”⁽¹⁴⁾a lusofonía

Historicamente, os lusitanos constituían un conxunto de pobos de orixe indo-europea procedentes do que os Romanos chamaron “Lusitania”, unha provincia hispana ou de Hispania, que ocupaba a zona oeste da Península Ibérica (hoxe gran parte de Portugal e da Extremadura española), terra cuxa delimitación exacta provoca aínda hoxe controversia. A figura mais notable entre os lusitanos foi Viriato – que moitos declaran como *“asumidamente portugués a pesar de ter vivido nunha época na que non existía nin Portugal nin España, un pastor que habitaba nos chamados Montes Herminios (identificables ou non coa actual Serra da Estrela) e un dos seus líderes no combate contra os romanos entre 147 e 133 a. C.”* (Muñoz, 2006).

No caso de que se pretenda realmente considerar que todos os países da CPLP teñen unha identidade lusófona, entón debíase incluír unha boa parte da actual España, xa que a antiga Lusitania tamén formaba parte do seu actual territorio. Se son identificados como lusófonos por causa da lingua, e en virtude diso culturalmente tamén, é preciso ir procurar se os fundadores da lusofonía, os lusitanos, falaban o portugués. Como sabemos que os lusitanos falaban como moito o “hispánico” e non o portugués, botouse por terra a teoría das raíces históricas que supostamente xustifican a identificación da CPLP como un conxunto de países lusófonos. Por iso, non ten sentido unha identificación deses países como lusófonos - culturalmente falando, só por causa da lingua, que pode ser unha entre varias outras linguas maternas e/ou oficiais.

Chegados ata aquí, xorde a seguinte cuestión: quérese realmente recoñecer o carácter emancipatorio das linguas nacionais e da posibilidade de se tornaren predominantes – as linguas angolanas, brasileiras, caboverdianas, guineanas, mozambicanas, santomenses, e timorenses, entre as que se inclúe o portugués, – ou quérese seguir o mesmo proceso hexemónico que, por exemplo o inglés e o español adoptaron? Tal como estes, procurouse lexitimar a existencia dun suposto portugués padrón (o “portugués de Portugal”), relegando, de forma subalterna, ao portugués que se fala nos restantes países da CPLP para a designación de, “portugués de Angola, do Brasil, de Cabo Verde, de Guinea Bissau, de Mozambique, de São Tomé e Príncipe, e de Timor Leste”.

(14) Título inspirado na obra de Dipesh Chakrabarty *Provincializing Europe, Postcolonial Thought and Historical Difference* [Princeton University, 2000], onde o autor procede, digamos, a unha “redución” da Europa ás súas fronteiras epistemolóxicas mediante unha historiografía crítica e poscolonial.

Recoñecer o referido carácter emancipador das linguas ao desinalas como as 'novas' linguas portuguesas, significa aludir á necesidade dunha concienciación cada vez maior sobre a existencia de varias linguas portuguesas e que, polo tanto, é preciso por atención aos contextos lingüísticos locais nas relacións entre os Estados, evitando a imposición, ou a continua colonización, do chamado "portugués padrón"? Ou será que só estamos perante unha tentativa de manter o portugués como o teito principal que abraza, protexe, de forma 'paternal' ou 'maternal' ás outras linguas, ou que as incorpora ou dilúe, nunca prescindindo do concepto de portugués para caracterizalas, nun situacionismo galopante en que o novo nunca emerxe, e calquera tentativa neste sentido, é sempre vista como algo "en contra"?⁽¹⁵⁾ Noutras palabras, estaremos perante unha reificación de vestixios dunha tentación subrepticia neocolonial, por non querer perder, quizais, o último, ou principal, refuxio, ou reducto, do orgullo imperial, a lingua?

Situándose no espazo dos países africanos de lingua oficial portuguesa, o socioeconomista José Negro, no campo da produción de coñecementos, tamén se posiciona contra a dita tendencia neocolonial ao afirmar o seguinte:

“[a] Lingua é un factor de aglutinación na comunicación da nosa produción, mais ela non pode constituír un denominador común en materia de filosofía das ciencias sociais. Moitos dos que forman parte desa centena designada por PALOPeS [Países Africanos de Língua Oficial Portuguesa], nin sequera se identifican con esa designación, como dicía Machado da Graça, nunca escoitamos a ninguén dicir – eu son palop! da mesma maneira que nunca escoitamos a un portugués dicir que é PELOP (un país europeo de lingua oficial portuguesa) ou a un brasileiro a dicir que é PLALOP (dun país latinoamericano de lingua oficial portuguesa). Porén, para os científicos sociais africanos (...), non se trata só dunha cuestión de designación, trátase, fundamentalmente, dunha estrutura de pensamento e, consecuentemente, de produción de coñecemento que non se asenta, exclusivamente, na estrutura lingüística conceptual do portugués, moi a pesar de que sexa a través desa lingua na que se exprese. A estrutura de pensamento de moitos de nós, cando non se forma nas linguas maternas é por elas fortemente influenciada, o que, obviamente, ten implicacións na forma na que se produce coñecemento. Son linguas cuxa aprendizaxe non pasa pola cristalización da escrita e, polo tanto, transportan consigo unha dinámica

(15) "A pesar de recoñecer que só hai transicións *pós-factum*, na medida en que mentres se transita, o sentido das transformacións é ambiguo senón opaco, Santos considera que 'vale a pena falar de transición para salientar a necesidade de experimentación e interpelar o sentido das transformacións, por máis fuxidío que el sexa', defendendo que '[a]s ruínas dirixen o impulso da reconstrución e permitiennos imaxinar reconstrucións moi distintas, mesmo que os materiais para iso non sexan máis que as ruínas e a imaxinación' (Santos, 2004: 19-20).

analítica que pertence ao mundo da retórica, ao universo das interaccións dialécticas, á dimensión alóxica (non confundir con ilóxica) da construción das premisas antes que á formulación das inferencias do dominio do pensamento lóxico-deductivo” (Negrón, 2004: 1-3).

A respecto desas linguas maternas, que na época colonial eran chamadas “dialectos *cafreaís*” – e, despreciativamente dicíase que era o *landim* e que aqueles que as falaban eran os *landins*, Negrão deixa o seguinte desafío:

“Esperemos que nesta época, apelidada de poscolonial, non se manteña o preconceito lingüístico da inferioridade das linguas maternas africanas senón que se vexa nesa diversidade unha contribución inestimable ás formas de producirse o coñecemento. Non hai só unha cultura para a lingua portuguesa, hai varias culturas que se expresan en lingua portuguesa. Non se trata de se substituír a lingua portuguesa polas linguas maternas ou de se procurar unha lingua vehicular neutra como o Kiswahili ou un pigeon como o Fana-galô, senón que se trata de ir buscar á estrutura de pensamento da nova xeración dos científicos sociais africanos, os encantos e os saberes que deixaron a Luís de Camões cativado” (Negrón, 2004: 1-3).

É no ámbito deste desafío onde é preciso fixar como uns dos albos primordiais de “de-construción” e de “des-pensamento” crítico as crecentes teses neo-lusotropicalistas que utilizan a suposta hexemonía dunha categoría identitaria, a lingua, [oficial] portuguesa, nos ex-espazos coloniais portugueses, para desde aí inferir a existencia dunha identidade socio-cultural ‘lusófona’ neses territorios. A pesar de apuntar á ex-potencia colonial, Portugal, como o centro da referida inferencia, tamén podemos encontrar esta idea nos restantes países⁽¹⁶⁾. Esta centralización é recoñecida por autores como Alfredo Margarido que, segundo Paula Medeiros, “*chama a atención ao feito de que a invención da lusofonía tivese lugar a través dunha especie de amnesia colectiva en relación á violencia que foi exercida sobre aqueles que falan hoxe o portugués*” [Margarido, 2000: 6 *apud* Medeiros, 2006: 10]. Sobre o mesmo tema Miguel Vale de Almeida afianza o seguinte:

“[...] [O] proxecto da lusofonía restabelece, supostamente de forma positiva e a nivel simbólico-lingüístico, as comunidades coloniais e a súa xerarquía simbólica, ao mesmo tempo que desma-

(16) Por exemplo, no caso de Cabo Verde, a tarefa de tentar proceder a unha deconstrución da propagada idea da existencia dunha identidade cultural ‘lusófona’ no país non é fácil debido a que ela se encontra “arraigada na produción académica da elite intelectual, ou letrada, crioula desde o período colonial ao período trala independencia”, momento no que se deu inicio a unha suposta “reafricanización” do país. Procúrese dar os primeiros pasos nesa tentativa de deconstrución en Varela (2008).

terializa ao negro. E o fantasma deste reaparece na dificuldade da sociedade e do Estado portugueses para encarar a hibridización da sociedade nacional ou polo menos a súa multiculturalización, ao mesmo tempo que o discurso da identidade histórica nacional se reformula como fantasmagoría positiva sobre a creación de híbridos no Brasil e en Cabo Verde – inflexión discursiva que se apoia confortavelmente na recente valoración positiva da expresión crioulo [...]” (Almeida, 2004: 10).

Pola súa vez, Eduardo Lourenço asevera que para os portugueses a lusofonía quere significar o seguinte: *“unha totalidade ideal compatible coas diferenzas culturais que caracterizan cada un dos seus compoñentes”* (2004: 179). Para rematar, Medeiros afirma que *“o que se entende, no imaxinario portugués, como ‘espazo matricial da lingua’, tende a transformarse nunha referencia identitaria que permite, simultaneamente, unha autodefinición dos portugueses e a proxección desa definición para os outros”* (2006: 13).

Outras cuestións aínda mais complexas poderían ser colocadas aquí mais, algunhas veces, as preguntas aparentemente máis simples ou inxenuas, son as que poden suscitar maior discusión e, por iso, imos terminar este ensaio con algunhas. Unha delas é a seguinte: se os países da CPLP son ‘lusófonos’ por que, por exemplo, nos casos de Brasil e Portugal, é un tabú cuestionar de que cor ‘negra’ é a poboación ‘branca’ destes países (no caso de Brasil estímase en case un 30% da poboación considerada ‘branca’), e, para a maioría dos restantes países, por exemplo, a demanda sobre de que cor ‘branca’ é a cor ‘negra’ dos mesmos, fai as delicias dos saudosos apoloxistas das teses lusotropicalistas do período colonial?⁽¹⁷⁾. Pero a cidadanía excluín-te, ou de “segunda clase”, procésase de diversas formas. Póñase atención a un exemplo aparentemente esdrúxulo: as persoas que teñen a cidadanía dun dos países da CPLP e a cidadanía portuguesa son xeralmente denominados, encadrados ou inseridos legalmente na categoría de “lusó-angolano”, “lusó-brasileiro”, “lusó-caboverdiano”, “lusó-guineano”, “lusó-mozambicano”, “lusó-santomense”, ou “lusó-timorense”.

A aparente neutralidade destas expresións, o que as torna exentas ou inmunes a unha deconstrución crítica, leva a que con pouca frecuencia se pense en expresións alternativas como “angolano-portugués” (ou ango-luso), “brasileiro-portugués” (ou brasi-luso), “caboverdiano-portugués” (ou cabo-luso), “guineano-portugués” (ou guineano-luso), “mozambicano-portugués” (ou mozambicano-luso), “santomense-portugués” (ou saõ-tomé-luso) ou “timorense-portugués” (ou timorense-luso). Este apriorismo, ou conforto, aparentemente lingüístico ou semántico, oculta unha construción hexemónica identitaria, que nestes casos, quizais meramente simbólicos e sen peso na economía política dos países, acaba por limitar a configuración dos casos

(17) Porcentaxe retirada de: Lopes, Reinaldo José, “Raízes da Diáspora Negra”, *Folha de São Paulo*.

de dupla cidadanía das persoas dos restantes países da CPLP en relación a Portugal. Sabendo que o concepto vixente de cidadanía é o occidental, cuxa orixe etimolóxica remítenos a “calidade”, a “dereito” de quen é “cidadán”, que, á súa vez, encamiñanos etimoloxicamente tamén a quen é “habitante da cidade” ou “*habitante dun Estado libre, con dereitos civís e políticos*”, non deixa de ser, como mínimo, ilexítimo que se queira basear nun concepto moderno de cidadanía, que visiblemente fracasou na súa suposta “tentativa” de conferir o estatuto de igualdade social aos habitantes dos Estados occidentais, o ambicionado propósito de forxar unha “cidadanía lusófona”⁽¹⁸⁾.

Desde o noso punto de vista, alén de estar a ser conducido de abaixo para cima, beneficiando só a algúns en detrimento do resto, o máis grave é que esta exportación, ou imposición esóxena do concepto de cidadanía, contribúe á lexitimación da concepción de que as sociedades non-occidentais, como é o caso da maioría dos estados que compoñen a CPLP, deben seguir o mesmo traxecto dos Estados-nación occidentais rumbo a un suposto desenvolvemento, malia o carácter distinto das múltiples, e/ou alternativas, formas de organización económicas, políticas e sociais que encerran no interior das súas fronteiras oficias estatais⁽¹⁹⁾.

Outra cuestión que segue na mesma liña da anterior, por exemplo, é que no caso de que a CPLP pretenda ser efectivamente unha organización internacional xurídica e globalmente recoñecida por outros actores externos, vale a pena cuestionar, sen ningún punto de ironía, se será viable que ela continúe a ter a súa materialidade institucional e burocrática (vulgo, Sede) en Lisboa, Portugal, xa que a esmagadora maioría dos seus membros sitúanse xeograficamente fóra do que é considerado o continente europeo⁽²⁰⁾. Ou será que iso contribuirá só á reificación da idea de que Portugal é un país africano, ou afro-latino-asiático, xeograficamente situado en Europa do Sur? Como se espera que se crea nun proxecto que, simbolicamente, ten a sede nunha casa situada na Lapa, construída en 1881 e comprada á familia Azevedo Coutinho polo goberno portugués que, á súa vez, regaloulle á CPLP, ou sexa, a si mesmo? Noutras palabras, non deixa de ser curioso, e intencionadamente conspirativo, que a construción do referido edificio coincida co inicio da aplicación

(18) O primeiro ensaio, digamos, neste ámbito, foi a aprobación pola Asemblea Nacional de Cabo Verde do Estatuto de Cidadán Lusófono en 1997, un documento xurídico que a pesar do seu carácter innovador e excepcional no seo da CPLP, e mesmo a nivel mundial, acaba beneficiando, esencialmente, ás elites dos estados membros e non ás súas poboacións, cf. Boletim da CPLP, Ano II, N° 4, 1998, p. 10.

(19) Xeralmente considérase que o nacionalismo do Estado-nación occidental contén dous elementos diferentes, mais que coexisten en harmonía: a idea, con base no territorio, de *Gesellschaft*, a existencia dunha “comunidade de cidadáns” (vulgo, sociedade) dentro de fronteiras definidas; e a idea étnica de *Gemeinschaft*, a “comunidade do pobo”, definida pola nación. Desta forma, a idea de comunidade constitúe o principal alicerce do Estado-nación, que xorde como unha comunidade moral, concepción que confire ao Estado-nación un carácter organicista, ou sexa, que sexa visto a semellanza dun organismo vivo. A noción orgánica do Estado baséase na teoría organicista que interpreta o funcionamento da sociedade a imaxe dun organismo vivo, por oposición á mecánica. Varios autores, como John Stuart Mill, disfrazan esa posición moral. Outros, como o filósofo alemán Hegel, contrárianos. Cabe referir, porén, que é o sociólogo Ferdinand Tönnies (1855-1936), un dos principais pensadores europeos do concepto de comunidade, o que establece a diferenciación entre comunidade (*Gemeinschaft*) e sociedade (*Gesellschaft*), sendo unha definida en oposición á outra (Tönnies, 1979).

(20) Boletim da CPLP, Ano I, N° 3, 1997, p. 2.

do principio da “ocupación efectiva”, estipulado pola Conferencia de Berlín en 1885 sobre as “posesións” europeas en África. Aínda máis que, de forma nostalgicamente imperial e necia, se describa fisicamente o lugar da seguinte maneira: “(...) *posúe un acabamento nobre: a escalinata principal é de ferro forxado e caoba cubana, e está decorada cun fresco de Pereira Júnior. Os teitos, estucados con motivos florais e o chan revestido de mármore e madeiras preciosas*”⁽²¹⁾.

Odair Bartolomeu Barros Lopes Varela é docente e investigador. Traballou na Universidade Jean Piaget de Cabo Verde e colaborou coa Universidade Pública de Cabo Verde. É doutorando en Socioloxía [“Pos-Colonialismos e Cidadanía Global”] polo CES/FE/UC. É socio-membro do CODESRIA [Conselho para o Desenvolvemento da Pesquisa en Ciências Sociais en África], con Sede en Dakar (Senegal).

Suzano Ferreira Costa é investigador do Observatorio Político da Universidade Nova de Lisboa, e doutorando en Ciencia Política [“Teoría e Análise Política”] pola FCSH-UNL, tendo sido asistente de investigación do CEMME/CRIA da FCSH-UNL. É membro da Asociación Portuguesa de Ciencia Política (APCP) e do Núcleo de Estudos de Ciencia Política e Relacións Internacionais (NECPRI) da mesma institución.

* A realización deste traballo contou co apoio da Fundação Calouste Gulbenkian.

(21) *Boletim da CPLP*, Ano I, Nº 2, Novembro de 1997, p. 2.

Referencias Bibliográficas

- Africa Lusófona: Política, Economia e Sociedade*, Ano I, N° 12, Dezembro/Janeiro 2003.
- AMARAL**, Ilídio (2005), “Os países africanos de língua oficial portuguesa face aos desafios do século XXI”, in Teresa Cruz Silva, Manuel G. Mendes Araújo & Carlos Cardoso (Orgs.) (2005), *‘Lusofonia’ em África. História, Democracia e Integração Africana*, CODESRIA, pp. 3-30.
- ANDERSON**, Benedict (1983), *Imagined Communities: Reflections on the Origins and Spread of Nationalism*, London: Verso.
- Boletim da CPLP*, Ano I, N° 3, 1997.
- Boletim da CPLP*, Ano II, N° 4, 1998.
- BRAGA DE MACEDO**, Jorge (2008), “Conhecimento Mútuo não existe na CPLP”, in *África 21*, pp. 6-8.
- BRAGA DE MACEDO**, Jorge (2007), “Cumprir Bissau”, in *Notícias CPLP*, Dossier Especial - Jornal Expresso, p. 4.
- CABRAL**, Amílcar (1979), *Análise de Alguns Tipos de Resistência*, Bolama: Imprensa Nacional de Guiné-Bissau.
- CABRAL**, Vasco (1994), *CPLP, uma Oportunidade Histórica*, Lisboa: SGL, pp. 1-16.
- CARDOSO**, Fernando Jorge (2003), “CPLP: Entre Expectativas e Realidades”, in *O Mundo em Português – A Europa Mundo*, n.º 45-47, Julho/Julho/Agosto, Lisboa: IEEI, pp. 14-16.
- CARDOSO**, Fernando Jorge (2005), “Integração Regional em África: Que Papel para a CPLP”, in Teresa Cruz Silva, Manuel G. Mendes Araújo & Carlos Cardoso (Orgs.) (2005), *‘Lusofonia’ em África. História, Democracia e Integração Africana*, CODESRIA, pp. 239-49.
- COSTA**, Suzano (2009), *Cabo Verde e a União Europeia: Diálogos Culturais, Estratégias e Retóricas de Integração*, Lisboa: FCSH-UNL.
- CASTELO**, Cláudia (1998), “*O Modo Português de Estar no Mundo*”. *O Luso-Tropicalismo e a Ideologia Colonial Portuguesa (1933-1961)*, Porto: Edições Afrontamento, coleção Biblioteca das Ciências do Homem.
- CRISTÓVÃO**, Fernando (2002), “Os Três Círculos da Lusofonia”, in *Humanidades*, Setembro, pp. 1-5.
- CRISTÓVÃO**, Fernando (2005), “As Viagens e os Viajantes da Lusofonia”, in *Res-Publica. Lusofonia: Mitologias, Realidades e Potencialidades*, Ano I, n.º 3/4, Lisboa: pp. 15-26.
- Dicionário Universal de Língua Portuguesa*, Texto Editora, 1999.
- DOUGHERTY**, James E. & **PFALTZGRAFF**, Jr., Robert (2003), *Relações Internacionais – As Teorias em Confronto. Um Estudo Detalhado*, Lisboa: Gradiva.
- FREYRE**, Gilberto [1933] (2003), *Casa-Grande & Senzala*, São Paulo: Global Editora.

- FREYRE**, Gilberto (1940), *O Mundo que o Português Criou*, Lisboa: Edições Livros do Brasil.
- FREYRE**, Gilberto (1958), *Integração Portuguesa nos Trópicos*, Lisboa: Junta de Investigações do Ultramar.
- FURTADO**, Cláudio (2003), “A Busca de uma Integração (Im) Possível”, in *O Mundo em Português – A Europa Mundo*, n.º 45-47, Julho/Julho/Agosto, Lisboa: IEEI.
- GAMA**, Jaime (1996), “Prefácio”, in *Declaração Constitutiva da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa*, Lisboa: Ministério dos Negócios Estrangeiros, pp. 7-9.
- GIL**, José (2004), *Portugal, Hoje – O Medo de Existir*, Lisboa: Relógio de Água.
- GOLDMANN**, Kjell & **SJÖSTEDT**, Gunnar (Ed.) (1979), *Power, Capabilities, Interdependence. Problems in the Study of International Influence*, London & Beverly Hills: Sage Publications Inc.
- GRAMSCI**, António [1945] (1974), *Obras Escolhidas*, 2 vols., trad. Manuel Braga da Cruz, Lisboa: Editorial Estampa.
- GRAMSCI**, António [1949] (1989), *Intelectuais e Organização da Cultura*, São Paulo: Civilização Brasileira.
- GRAMSCI**, António (1999), *Cadernos do Cárcere*, 6 vols., Rio de Janeiro: Civilização Brasileira.
- HAAS**, Ernst (1958), *The Uniting of Europe: Political, Social and Economic Forces, 1950-1957*, Stanford: Stanford University Press.
- LOPES**, Carlos (2003), “Entre o Regional e Global”, in *O Mundo em Português – A Europa Mundo*, n.º 45-47, Julho/Julho/Agosto, Lisboa: IEEI, pp. 24-26.
- LOPES**, Carlos (2006), CPLP: “Paradoxo certo ou futuro incerto?”, in *Pensar, Comunicar, Actuar em Língua Portuguesa, 10 Anos da CPLP* (Comunidade dos Países de Língua Portuguesa), Lisboa: Assessoria de Imprensa – Secretariado Executivo da CPLP, pp. 139-141.
- LOURENÇO**, Eduardo (1983), “Crise de Identidade ou Ressaca ‘Imperial?’”, in *Prelo*, Lisboa: INCM, pp. 15-22.
- LOURENÇO**, Eduardo [1999] (2004), *A Nau de Ícaro Seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*, Lisboa: Gradiva.
- KEOHANE**, Robert & **NYE**, Joseph [1977] (2001), *Power and Interdependence. World Politics in Transition*, Third Edition, Boston: Little-Brown.
- MALTEZ**, José Adelino (1996), *Princípios de Ciência Política. Introdução à Teoria Política*, Lisboa: ISCSP-UTL.
- MALTEZ**, José Adelino (2002), *Curso de Relações Internacionais*, Cascais: Principia.
- MANNHEIM**, Karl [1836] (1993), *Ideologia y Utopia. Introducción a la Sociología del Conocimiento*, México: Fondo de Cultura Económica.
- MARGARIDO**, Alfredo (2000), *A Lusofonia e os Lusófonos: Novos Mitos Portugueses*, Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas.

- MARTINS**, Moisés de Lemos (2004), “Lusofonia e Luso-tropicalismo. Equívocos e Possibilidades de dois Conceitos Hiper-Identitários”, in *X Congresso Brasileiro de Língua Portuguesa*, São Paulo: PUC-SP, pp. 1-15.
- MEDEIROS**, Paula Cristina Pacheco (2006), “Lusofonia: Discursos e Representações”, *Revista electrónica dos Programas de Mestrado e Doutoramento do CES/ FEUC/ FLUC*, Nº 1, 2006, <http://cabodostrabalhos.ces.uc.pt/n1/ensaios.php>.
- MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS** (1996), *Declaração Constitutiva da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa*, Lisboa: MNE.
- MITRANY**, David (1948), “The Functional Approach to World Organization”, in *International Affairs*, Vol. 24, Nr. 3 (July, 1948), pp. 350-363.
- MOREIRA**, Adriano (1956), *Política Ultramarina*, Lisboa: JIU, col. ECPS, n.º 1.
- MOREIRA**, Adriano (2001), “As Solidariedades Horizontais”, in Adriano Moreira (Coord.), *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Cooperação*, Coimbra: Almedina/ Instituto Português da Conjuntura Estratégica, pp. 9-20.
- MOREIRA**, Adriano (2009), *A Circunstância do Estado Exíguo*, Lisboa: Diário de Bordo.
- MOURÃO**, Fernando Augusto A. (2003), “O Défice Político da CPLP”, in *O Mundo em Português – A Europa Mundo*, n.º 45-47, Julho/Agosto, Lisboa: IEEI, pp. 19-20.
- MUNIZ**, Antônio Walber Matias (2009), “De Quem São as Vantagens Comerciais e Fiscais nos Negócios Internacionais Informais Por Rabidantes Entre Cabo Verde e o Ceará (Brasil)” <http://conpedi.org/manaus/arquivos/Anais/Antonio%20Walber%20Matias%20Muniz.pdf>: acesso em 21 de Setembro de 2009.
- MUÑOZ**, Mauricio Pastor (2006), *Viriato, o Herói lusitano que lutou pela liberdade do seu povo*, Lisboa: A Esfera dos Livros.
- NEGRÃO**, José (2004), *O Contributo dos Cientistas Sociais Africanos*, Intervenção na Sessão de Encerramento do VIII Congresso Luso-Afro-Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra, 18 de Setembro de 2004.
- NYE**, Joseph S. (1971), *Peace in Parts: Integration and Conflict in Regional Organization*, Boston: Little, Brown.
- PEREIRA NETO**, João (1995), “Adriano Moreira – O Professor e o Amigo”, in AA.VV., *Estudos em Homenagem ao Professor Adriano Moreira*, Vol. I, ISCSP-UTL.
- PIZARRO**, Mário (2003), “Mais Mito que Realidade”, in *O Mundo em Português – A Europa Mundo*, n.º 45-47, Julho/Agosto, Lisboa: IEEI, pp. 16-18.
- QUIJANO**, Anibal (2000), “Colonialidad del poder, eurocentrismo y America Latina”, in Edgardo Lander (Coord.) (2000), *La Colonialidad del Saber: Eurocentrismo y Ciencias Sociales*, Buenos Aires: CLACSO, pp. 201-46.
- REYNOLDS**, Philip & **McKINLAY**, Robert (1979), “The Concept of Interdependence: Its Uses and Misuses”, in Kjell Goldmann & Gunnar Sjöstedt (Ed.), *Power, Capabilities, Interdependence. Problems in the Study of International Influence*, London & Beverly Hills: Sage Publications Inc, pp. 141-166.
- RODRIGUES LOPES**, Ernâni (2007), “Lusofonia: Conceito e Realidade”, in

- Notícias CPLP*, Dossier Especial - Jornal Expresso, p. 4.
- ROSAMOND**, Ben (2000), *Theories of European Integration*, London: Palgrave Macmillan.
- ROSÁRIO**, Lourenço (2007), “Lusofonia: Cultura ou Ideologia?”, in *Jornal de Notícias*, Maputo, 6 de Junho, 5ª feira, p. 1-2.
- SANTOS**, Boaventura de Sousa (2004), *Do Pós-Moderno ao Pós-Colonial: E Para Além de Um e Outro*, Texto de Abertura do VIII Congresso Luso-Afro-Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra, Setembro de 2004.
- SANTOS NEVES**, Fernando (2002), *Para uma Crítica da Razão Lusófona: Onze Teses sobre a CPLP e a Lusofonia*, Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas, 2.ª Ed.
- SANTOS NEVES**, Fernando (2003), *Lusofonias: uma Questão de Estratégia Geopolítica*, in *Semana Africana*, Lisboa: ULHT, p. 1-5.
- SANTOS NEVES**, Fernando (2005), “A Lusofonia como ‘questão Linguístico-Literária’, como ‘questão de Língua’ e como ‘questão estratégica de geopolítica e de desenvolvimento’”, in *Res-Publica. Lusofonia: Mitologias, Realidades e Potencialidades*, Ano I, n.º 3/4, Lisboa: pp. 121-126.
- SARMENTO**, Cristina Montalvão (2008), *Os Guardiões dos Sonhos. Teorias e Práticas Políticas dos Anos 60*, Lisboa: Edições Colibri.
- SCHMITER**, Philippe (1970), “A Revised Theory of Regional Integration”, in *International Organization*, Vol. 24. Nr. 4.
- SOROS**, George (2000), *Open Society: Reforming Global Capitalism*, London: Little, Brown.
- TÖNNIES**, Ferdinand [1931] (1979), *Comunidad y Asociacion*, Barcelona: Ed. Península.
- TORRES**, Adelino & **ENNES FERREIRA**, Manuel (2001), “A Comunidade dos Países de Língua Portuguesa no Contexto da Globalização: Problemas e Perspectivas”, in Adriano Moreira (Coord.), *Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Cooperação*, Coimbra: Almedina/ Instituto Português da Conjuntura Estratégica, pp. 23-119.
- VALE DE ALMEIDA**, Miguel (2004), “Crioulização e Fantasmagoria”, *Série Antropológica*, 265, Brasília: UnB.
- VARELA**, Odair (2006), “Cabo Verde: um Desafio Teórico-Paradigmático ou um Caso Singular?”, in *Revista de Estudos Cabo-verdianos*, n.º 2, Janeiro, Praia: Universidade de Cabo Verde, pp. 71-88.
- VARELA**, Odair (2008), “Manifesto ‘Lusofóbico’: Crítica da Identidade Cultural ‘Lusófona’ em Cabo Verde”, in *Mesticagens Socioculturais e Procura de Identidade na África Contemporânea: o Caso dos Países Africanos Lusófonos*, CODESRIA-UNICV, 03 – 04 de Novembro de 2008, Praia, Cabo Verde.